



ACTA Nº 6 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA LIBRE, MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE TÉCNICO/A DE XESTIÓN ECONÓMICA E INTERVENCIÓN, CORRESPONDENTE A OEP DO CONCELLO DE FENE DO ANO 2021

Asisten:

Presidenta: María de las Mercedes Ocampo Santiago

Vogais:

Ana María Gómez Peña
Eduardo Mera Rico
Jorge Vidal Zapatero

Secretaria:

Sonia Lorenzo Barbeito

Sendo as 13:40 horas do día 16 de outubro de 2024, reúnese no Concello de Fene o tribunal de selección do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de técnico/a de xestión económica e intervención, correspondente a OEP do Concello de Fene do ano 2021, segundo as bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local do 22.02.2024, nomeado mediante Resolución de alcaldía 771/2024, coa asistencia das persoas anteriormente relacionadas.

A razón de ser desta sesión é levar a cabo a valoración dos exames realizados o día 05.09.2024 correspondentes ao terceiro exercicio deste proceso selectivo. O dito exercicio estaba formado por dous supostos prácticos que debían resolver os aspirantes.

De acordo co previsto nas bases reguladoras deste proceso selectivo, esta proba cualificarase de 0 a 10 puntos, e deberá obterse unha puntuación mínima de 5 puntos para superala, correspondéndolle ao tribunal determinar cal é o nivel de coñecementos necesarios para alcanzar a dita nota mínima.

A fin de facer efectivo o sinalado no parágrafo anterior, antes de levar a cabo a corrección de tales exames, o tribunal fixa os criterios que vai ter en conta para valorar cada unha das preguntas que integraban esta proba. A proba estaba composta de dous supostos, e cada un dos supostos tiña atribuída unha puntuación máxima de 5 puntos. A tal fin, cómpre ter en conta que xa no enunciado da dita proba figuraban os puntos que se lle asignaban a cada unha das preguntas que integraban cada suposto, de acordo co seguinte desglose:

SUPOSTO 1 (5 puntos)				SUPOSTO 2 (5 puntos)										
1,25	1,25	1,25	1,25	1	0,5	0,5	0,5	0,5	1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
PREGUNTAS														
1	2	3	4	1	2 a)	2 b)	2 c)	2 d)	2 e)	3 a)	3 b)	3 c)	3 d)	3 e)



Os criterios empregados foron os seguintes:

Suposto nº 1, Pregunta nº 1: divídese o total de puntos (1,25) entre 7 datos a calcular para alcanzar a cifra do resultado orzamentario (dereitos recoñecidos netos, obrigas recoñecidas netas, resultado orzamentario, axuste por créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais, axuste por desviacións de financiación positivas do exercicio, axuste por desviacións negativas do exercicio, resultado orzamentario axustado).

Suposto nº 1, Pregunta nº 2: divídese o total de puntos (1,25) entre 13 datos a calcular para alcanzar a cifra do remanente de tesourería (fondos líquidos, dereitos pendentes de cobro de orzamento corrente, dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados, dereitos pendentes de cobro de operacións non orzamentarias, obrigas pendentes de pago de orzamento corrente, obrigas pendentes de pago de orzamentos pechados, obrigas pendentes de pago de operacións non orzamentarias, cobros realizados pendentes de aplicación definitiva, pagos realizados pendentes de aplicación definitiva, remanente de tesourería total, saldos de dudoso cobro, exceso de financiación afectada, remanente de tesourería para gastos xerais).

Suposto nº 1, Pregunta nº 3: no caso de que o cálculo da cifra do remanente de tesourería para gastos xerais da pregunta anterior fora positiva, dado que a resolución correcta do exercicio tería que dar lugar a un remanente de tesourería negativo, non se valoraría a resposta. Se a cifra do remanente de tesourería resultante da pregunta nº 2 fora negativa, valoraríase a resposta en función das medidas a adoptar que se propuxeran, tendo en conta que o total de puntos que se lle outorga a esta pregunta (1,25 puntos) dividiríase entre as 3 posibles medidas que se poderían adoptar.

Suposto nº 1, Pregunta nº 4: divídese o total de puntos (1,25) entre 11 datos a ter en conta para determinar a capacidade/necesidade de financiación: dereitos recoñecidos netos capítulos 1 a 7 orzamento corrente, obrigas recoñecidas netas capítulos 1 a 7 orzamento corrente, diferenza dereitos netos menos obrigas netas, axuste recadación capítulo 1, axuste recadación capítulo 2, axuste recadación capítulo 3, axuste por liquidación PTE 2020, axuste por gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento, devolucións de ingreso pendentes de aplicar a orzamento, consolidación de transferencias con outras administracións públicas, total capacidade/necesidade financiación.

Suposto nº 2, Pregunta nº 1: divídese o total de puntos (1,00) en 0,10 polo razoamento correcto en canto á determinación das bolsas de vinculación xurídica; e 0,90 puntos para o cálculo correcto das 18 bolsas de vinculación xurídica, repartíndose proporcionalmente estes 0,90 puntos en función das bolsas correctamente calculadas. Detectado un erro na bolsa de vinculación 9,6 da plantilla de respostas (a cifra correcta sería 41.000,00€, pero na plantilla do exame púxose como resultado correcto 45.0000,00€), o tribunal acorda que se admite como resultado válido 45.000 €

Suposto nº 2, Pregunta nº 2 a): divídese o total de puntos (0,5) tendo en conta que debe mencionarse como resposta correcta dúas modificacións orzamentarias, e debe razoarse cada unha delas. Entón divídese o total de 0,5 puntos entre 4 aspectos a valorar (dúas modificacións orzamentarias e o razoamento de cada unha delas).

Suposto nº 2, Pregunta nº 2 b): divídese o total de puntos (0,5) entre 9 aspectos a responder: 8 partidas orzamentarias, e a resposta a se procede ou non crear un proxecto de gasto.

Suposto nº 2, Pregunta nº 2 c): asígnase o total de puntos (0,5) se está ben calculada a base de cotización. En caso contrario, asígnanse 0 puntos.

Suposto nº 2, Pregunta nº 2 d): asígnase o total de puntos (0,5) proporcionalmente aos cinco items a considerar y que deberían estar ben calculados: subtotal/mes, dedución SS, dedución IRPF, nómina extra, dedución IRPF en extra.

Suposto nº 2, Pregunta nº 2 e): asígnase o total de puntos (1,00) de acordo co seguinte desglose: 0,5 puntos se hai proposta de parte resolutive da modificación orzamentaria, 0,25 puntos se se contesta de xeito correcto o órgano competente; e 0,25 puntos se se xustifica adecuadamente o órgano competente indicado.

Suposto nº 2, Pregunta nº 3: asígnase o total de puntos (1,00) proporcionalmente a cada un dos apartados en que se divide, a razón de 0,20 puntos por apartado se a resposta é correcta.

En base aos criterios expostos, o tribunal valora os exames, resultando a seguinte táboa de resultados:

CÓDIGO	SUPOSTO 1				SUPOSTO 2											TOTAL 1	TOTAL 2	TOTAL		
	1,25	1,25	1,25	1,25	1	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5	1	0,2	0,2	0,2	0,2				0,2	10
	PREGUNTAS				1	2 a)	2 b)	2 c)	2 d)	2 e)	3 a)	3 b)	3 c)	3 d)	3 e)					
FENE2024403518	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	
FENE2024553767	0,7142	0,3846			0,35	0,25	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1,0988	0,6	1,6988	
FENE2024107720	1,25	0,9615	0,2083	0,4545	0,95	0	0,166	0	0,2	0,25	0,2	0,2	0	0	0	0	2,8743	1,966	4,8403	
FENE2024590837	1,25	1,05769	0	0,5113	1	0,25	0,055	0	0	0,5	0,2	0,2	0	0	0	0	2,81899	2,205	5,02399	
FENE2024126328	1,25	0,7692	1,25	0	0,2	0,25	0,055	0,5	0,5	0,5	0,2	0	0	0	0	0	3,2692	2,205	5,4742	
FENE2024709789	0,8928	0,8653	0	0	0,35	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1,7581	0,35	2,1081	
FENE2024469707	0,5357	0,8653	0	0,3409	0	0,5	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1,7419	0,5	2,2419	
FENE2024678800	0	0	0	0	0	0,25	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,25	0,25	
FENE2024397407	1,25	0,9615	0	0,5681	0,8	0,5	0,2777	0	0	0,5	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	2,7796	3,0777	5,8573	
FENE2024360549	1,25	0,7692	0	0	0,95	0,25	0	0	0	0,25	0	0	0	0	0	0	2,0192	1,45	3,4692	

De acordo co previsto nas bases reguladoras deste proceso selectivo, o tribunal acorda conceder un prazo de cinco (5) días hábiles para formular reclamacións/alegacións ao respecto dos resultados e cualificacións obtidos, contados a partir do día seguinte á súa publicación no taboleiro de anuncios e páxina web municipais. Á vista das reclamacións que se presenten e, no caso de seren estimadas polo tribunal, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose a puntuación definitiva no taboleiro de anuncios e páxina web municipais.

Sen máis asuntos que tratar, declárase levantado o acto, sendo as 16:00 horas, ordenándose a redacción da presente acta que é asinada dixitalmente pola presidenta e vogais do tribunal, xunto a min secretaria do tribunal.